

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

17991 *Real decreto lei 27/2018, do 28 de decembro, polo que se adoptan determinadas medidas en materia tributaria e catastral.*

I

No ámbito tributario introdúcense varias modificacións en relación co imposto sobre a renda das persoas físicas.

Por unha parte, modifícase a Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, como consecuencia da Sentenza do Tribunal Supremo do 3 de outubro de 2018 que declara exentas as prestacións públicas por maternidade percibidas da Seguridade Social.

Ben que a indicada sentenza se limita a declarar exentas as prestacións públicas por maternidade percibidas da Seguridade Social, deben considerarse igualmente exentas, conforme a regulación do imposto, debido á súa mesma natureza, causa e réxime regulador, as prestacións públicas por paternidade satisfeitas igualmente pola Seguridade Social.

Desta maneira, a raíz desta sentenza, os contribuíntes beneficiarios de tales prestacións non terán que tributar por estas e poderán solicitar a devolución do tributado polas ditas prestacións en exercicios anteriores non prescritos. Así mesmo, a Axencia Estatal de Administración Tributaria articulou as canles necesarias para facilitar tal devolución.

Agora ben, existen outros colectivos que perciben igualmente prestacións por paternidade ou maternidade que ao non estaren amparados nin pola sentenza nin pola regulación actual do imposto terían que tributar por este último, o que provocaría unha situación de clara discriminación dificilmente xustificable.

En concreto, tales colectivos son, por unha parte, os empregados públicos encadrados nun réxime da Seguridade Social que non dea dereito a percibir a prestación por maternidade ou paternidade da Seguridade Social pero que perciben as súas retribucións durante os permisos por parto, adopción ou garda e paternidade, a que se refire o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, e, por outra, os profesionais non integrados no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos que perciben tales prestacións das mutualidades de previsión social que actúen como alternativas ao réxime especial da Seguridade Social mencionado.

En consecuencia, a nova redacción que se introduce na Lei do imposto, ademais de declarar expresamente exentas as prestacións por maternidade ou paternidade satisfeitas pola Seguridade Social, estende a exención ás prestacións percibidas polos outros colectivos sinalados, até o límite da prestación máxima que a Seguridade Social recoñece por tal concepto.

Por último, debe advertirse que para lograr a total equiparación entre colectivos e eliminar calquera posible discriminación, a modificación legal indicada esténdese, igualmente, a exercicios anteriores non prescritos.

Debe terse en conta que a extensión do cambio normativo a exercicios anteriores non prescritos xustifica, no presente caso, a extraordinaria e urxente necesidade que constitúe o presuposto habilitante para acudir ao instrumento xurídico do real decreto lei, permitindo que se poida solicitar a devolución do imposto soportado antes de que prescriba o exercicio en que se declararon as retribucións que agora se declaran exentas.

En segundo termo, prorróganse para o período impositivo 2019 os límites cuantitativos que delimitan no imposto sobre a renda das persoas físicas o ámbito de aplicación do método de estimación obxectiva para as actividades económicas incluídas no ámbito de aplicación do método, con excepción das actividades agrícolas, gandeiras e forestais, que teñen o seu propio límite cuantitativo por volume de ingresos.

A semellanza da antedita medida, prorróganse para o período impositivo 2019 os límites para a aplicación do réxime simplificado e o réxime especial da agricultura, gandería e pesca, no imposto sobre o valor engadido.

A extraordinaria e urxente necesidade que constitúe o presuposto habilitante para acudir ao instrumento xurídico do real decreto lei xustifícase neste suposto porque o período transitorio inicialmente concedido, que abrangue os períodos impositivos 2016, 2017 e 2018, manifestouse insuficiente e a súa ampliación ao exercicio 2019 debe efectuarse antes do 1 de xaneiro do dito ano xa que, en caso contrario, os contribuíntes afectados pasarían a tributar desde esa data conforme o método de estimación directa no imposto sobre a renda das persoas físicas e polo réxime xeral do imposto sobre o valor engadido, o que incidiría nas súas obrigacións formais, de facturación e nos pagamentos á conta que soportan, cun incremento das cargas administrativas.

Como consecuencia da prórroga que se introduce nos límites excluíntes do método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e do réxime simplificado e do réxime especial da agricultura, gandería e pesca do imposto sobre o valor engadido, fíxase, mediante a pertinente disposición transitoria, un novo prazo para presentar as renuncias ou revogacións aos citados métodos e réximes especiais.

No imposto sobre sociedades, as medidas introducidas a través deste real decreto lei son as relativas para os efectos no imposto da Circular 4/2017, do 27 de novembro, do Banco de España, a entidades de crédito, sobre normas de información financeira pública e reservada, e modelos de estados financeiros. Esta nova circular ten por obxecto fundamental adaptar o réxime contable das entidades de crédito españolas aos cambios do ordenamento contable europeo derivados da adopción de dúas novas normas internacionais de información financeira (NIIF) –a NIIF 9 e a NIIF 15–, que modificaron os criterios de contabilización dos instrumentos financeiros e dos ingresos ordinarios a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Neste sentido, hai dúas modificacións normativas no imposto cuxa adopción se considera de extraordinaria e urxente necesidade dado que, por unha parte, debe atenuarse o impacto fiscal dos efectos derivados da primeira aplicación da Circular 4/2017 e, por outra, deben aplicarse as regras xerais de integración na base imponible do imposto a determinados investimentos en instrumentos de patrimonio. Ambas as medidas deben resultar aplicables aos períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Así, a primeira modificación refírese aos efectos da primeira aplicación da Circular 4/2017. A contabilización da primeira aplicación dos cambios que esta circular incorpora realizarase, salvo algunhas excepcións expresamente recollidas na norma, de forma retrospectiva, rexistrando os impactos en reservas. Os cargos e aboamentos a contas de reservas que se xeren con ocasión dos axustes de primeira aplicación terán, cando así proceda pola aplicación da normativa reguladora do imposto, efectos fiscais, é dicir, deberán terse en consideración para a determinación da base imponible do imposto correspondente ao período impositivo 2018.

Con obxecto de atenuar o impacto fiscal do dito mandato contable, establécese un réxime transitorio para integrar na base imponible os citados cargos e aboamentos a contas de reservas, en canto teñan efectos fiscais de acordo co disposto na normativa do imposto, de maneira que a dita integración se efectuará por partes iguais na base imponible correspondente a cada un dos tres primeiros períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2018.

A segunda das modificacións deriva dun dos cambios da Circular 4/2017 que, de acordo coa súa exposición de motivos, emana directamente da modificación da NIIF 9, como é que os investimentos en instrumentos de patrimonio neto deben valorarse a valor

razoable con cambios en resultados, a non ser que a entidade opte irrevogablemente e desde o inicio por recoñecer estes cambios de valor noutro resultado global. Con obxecto de adaptar os efectos da dita modificación ás regras xerais de valoración do imposto e garantir a súa integración na base imponible no momento que causen baixa, modifícase a súa norma reguladora, ben que cunha regulación de carácter xeral, sen referencia expresa á circular.

Cómpre sinalar, por último, que mentres non se aprobe a oportuna adaptación das disposicións regulamentarias relativas á cobertura de risco de crédito nas entidades financeiras, as actualmente vixentes deben entenderse mantidas ben que cos termos utilizados pola nova circular.

O Real decreto lei 13/2011, do 16 de setembro, polo que se restablece o imposto sobre o patrimonio, con carácter temporal, recuperou o gravame do dito imposto de forma transitoria, só para os anos 2011 e 2012. A exposición de motivos do real decreto lei xustificouno pola necesidade de asegurar a estabilidade da nosa economía e favorecer a recuperación e o emprego mediante a aplicación do principio de equidade, de forma que houbera unha maior contribución á saída da crise económica por parte daqueles que tiñan unha maior capacidade económica, de tal maneira que estes contribuísen en maior medida, reforzando así o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria asumidos por España. Ben que a prórroga inicial do imposto sobre o patrimonio se aprobou para unha vixencia de dous anos, as necesidades orzamentarias motivaron a prórroga anual do imposto durante os seguintes exercicios, desde 2013. O argumento esgrimido en todas elas incidiu na idoneidade do tributo en momentos en que se facía imprescindible a consolidación fiscal.

Os anteditos motivos que xustificaron as sucesivas prórrogas explican agora o mantemento do gravame do imposto sobre o patrimonio no exercicio 2019.

A extraordinaria e urxente necesidade que constitúe o presuposto habilitante dun real decreto lei xustifícase neste caso, ademais de polas razóns citadas, porque se considera pertinente, en prol do principio de seguridade xurídica, que os contribuíntes do dito imposto, pese a que a súa devindicación se produce o 31 de decembro, coñezan ao comezo do exercicio que o seu gravame se manterá durante este.

O real decreto lei inclúe a aprobación dos coeficientes de actualización dos valores catastrais de inmoables urbanos para 2019 nos termos do artigo 32.2 da Lei do catastro inmobiliario, que prevé a dita actualización en determinados supostos mediante a incorporación da medida na Lei de orzamentos xerais do Estado para cada ano. Debido a que a aprobación da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2019 non vai ter lugar no calendario ordinario, e dado que se trata dunha medida que ten unha repercusión inmediata no imposto sobre bens inmoables, que se devindica o 1 de xaneiro de cada ano natural, resulta obrigada a utilización dun real decreto lei para que entre en vigor antes da finalización do presente exercicio. Coa aprobación desta medida contribúese a reforzar o financiamento municipal, a consolidación fiscal e a estabilidade orzamentaria das entidades locais, e será de aplicación en 1.179 municipios que cumpren os requisitos recollidos no marco normativo habilitado para tal efecto, esencialmente a solicitude formulada por cada un dos concellos concernidos, que poderían non ver cumpridas as previsións orzamentarias que realizasen contando coa dita actualización se a medida non chega a aprobarse.

Tamén se establece, con efectos exclusivos para o ano 2019, a prórroga dos prazos previstos no artigo 72.6 da Lei reguladora das facendas locais para que os concellos cuxos municipios se encontren incurso en procedementos de valoración colectiva de carácter xeral poidan aprobar con maior folgura un novo tipo de gravame no imposto sobre bens inmoables, así como tamén se establece a prórroga do prazo previsto no artigo 27.3 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario para a aprobación e publicación dos cadros de valores totais. Igualmente, amplíase o prazo previsto no artigo 32.2 da referida Lei do catastro inmobiliario para a solicitude municipal de aplicación dos coeficientes de actualización dos valores catastrais de inmoables urbanos. Os aprazamentos anteriores

fundaméntanse en que o termo dos prazos para adoptar as medidas correspondentes coincide cos de constitución das novas corporacións locais, que debe ter lugar tras as eleccións previstas para o próximo ano e co obxectivo de que estas novas corporacións poidan adoptar as medidas referidas no marco das políticas fiscais que aspiren a desenvolver.

Os compromisos contraídos polo Goberno do Reino de España coa UEFA para albergar no noso país a sede de próximos eventos organizados pola dita asociación require a regulación dun réxime fiscal específico.

A incorporación de tal réxime ao dereito positivo mediante este real decreto lei xustifícase pola proximidade das datas en que tales eventos se celebrarán e a necesidade de que cunha antelación suficiente se dispoña do marco tributario que resultará de aplicación, en prol do principio de seguridade xurídica, de sorte que concorre a extraordinaria e urxente necesidade que, como presuposto habilitante da figura do real decreto lei, establece a Constitución española.

Ademais, inclúese a relación de actividades prioritarias de mecenado para o ano 2019.

A incorporación desta lista de actividades mediante un real decreto lei xustifícase en prol do principio de seguridade xurídica, pois doutro modo a súa aplicación durante o dito exercicio non poderá levarse a cabo até que non se aprobe mediante unha norma de rango legal, dado que non cabe entender prorrogado automaticamente o precepto que as regula para o ano 2018, o que incidiría negativamente na promoción e fomento de tales actividades.

Por último, establécese un período transitorio durante o cal as reclasificacións de participacións ou accións de institucións de investimento colectivo realizadas como consecuencia das novas exixencias en materia de incentivos establecidas na Directiva 2014/65/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativa aos mercados de instrumentos financeiros e pola que se modifican a Directiva 2002/92/CE e a Directiva 2011/61/UE (coñecida como Mifid II), e incorporadas ao noso ordenamento polo Real decreto lei 14/2018, do 28 de setembro, polo que se modifica o texto refundido da Lei do mercado de valores aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, e que teñan por obxecto que o partícipe ou accionista deixe de soportar custos asociados a incentivos, poidan realizarse sen necesidade de solicitar consentimento individualizado dos partícipes e accionistas, e resulten neutrais fiscalmente.

Con esta medida preténdese que os investidores de institucións de investimento colectivo soporten de forma inmediata menos custos asociados ás súas accións ou participacións, conforme unha normativa que xa resulta aplicable, sen que a dita reclasificación teña incidencia tributaria para os investidores.

Este obxectivo non pode conseguirse a través do procedemento legislativo ordinario debido ao dilatado dos seus prazos, o cal permite apreciar a existencia dunha situación de extraordinaria e urxente necesidade, que xustifica a utilización deste instrumento normativo.

II

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre facenda xeral.

Esta norma axústase aos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en particular, aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da ministra de Facenda, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de decembro de 2018,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Modificacións da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.*

Primeiro.

Con efectos desde a entrada en vigor deste real decreto lei e exercicios anteriores non prescritos, modifícase a letra h) do artigo 7 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, que queda redactada da seguinte forma:

«h) As prestacións por maternidade ou paternidade e as familiares non contributivas reguladas, respectivamente, nos capítulos VI e VII do título II e no capítulo I do título VI do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, e as pensións e os haberes pasivos de orfandade e a favor de netos e irmáns, menores de vinte e dous anos ou incapacitados para todo traballo, percibidos dos réximes públicos da Seguridade Social e clases pasivas.

Así mesmo, as prestacións recoñecidas aos profesionais non integrados no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos polas mutualidades de previsión social que actúen como alternativas ao réxime especial da Seguridade Social mencionado, sempre que se trate de prestacións en situacións idénticas ás previstas no parágrafo anterior pola Seguridade Social para os profesionais integrados no dito réxime especial. A contía exenta terá como límite o importe da prestación máxima que recoñeza a Seguridade Social polo concepto que corresponda. O exceso tributaría como rendemento do traballo, entendéndose producido, en caso de concorrencia de prestacións da Seguridade Social e das mutualidades antes citadas, nas prestacións destas últimas.

No caso dos empregados públicos encadrados nun réxime da Seguridade Social que non dea dereito a percibir a prestación por maternidade ou paternidade a que se refire o primeiro parágrafo desta letra, estará exenta a retribución percibida durante os permisos por parto, adopción ou garda e paternidade a que se refiren as letras a), b) e c) do artigo 49 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, ou a recoñecida pola lexislación específica que lle resulte de aplicación por situacións idénticas ás previstas anteriormente. A contía exenta das retribucións ou prestacións referidas neste parágrafo terá como límite o importe da prestación máxima que recoñeza a Seguridade Social polo concepto que corresponda. O exceso tributaría como rendemento do traballo.

Igualmente estarán exentas as demais prestacións públicas por nacemento, parto ou adopción múltiple, adopción, maternidade ou paternidade, fillos a cargo e orfandade.»

Segundo.

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2019, modifícase a disposición transitoria trixésimo segunda da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria trixésimo segunda. *Limites para a aplicación do método de estimación obxectiva nos exercicios 2016, 2017, 2018 e 2019.*

Para os exercicios 2016, 2017, 2018 e 2019, as magnitudes de 150.000 e 75.000 euros a que se refire o punto a') da letra b) da norma 3.^a do número 1 do artigo 31 desta lei, quedan fixadas en 250.000 e 125.000 euros, respectivamente.

Así mesmo, para os ditos exercicios, a magnitude de 150.000 euros a que se refire a letra c) da norma 3.^a do número 1 do artigo 31 desta lei queda fixada en 250.000 euros.»

Artigo 2. *Modificacións da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades.*

Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2018, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades:

Un. Modifícase o número 1 do artigo 17, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Os elementos patrimoniais valoraranse de acordo cos criterios previstos no Código de comercio, corrixidos pola aplicación dos preceptos establecidos nesta lei.

Non obstante, as variacións de valor orixinadas por aplicación do criterio do valor razoable non terán efectos fiscais mentres non deban imputarse á conta de perdas e ganancias, sen prexuízo do sinalado na letra l) do artigo 15 desta lei, ou mentres non deban imputarse a unha conta de reservas se así o establece unha norma legal ou regulamentaria. O importe das revalorizacións contables non se integrará na base imponible, excepto cando se leven a cabo en virtude de normas legais ou regulamentarias que obriguen a incluír o seu importe na conta de perdas e ganancias. O importe da revalorización non integrada na base imponible non determinará un maior valor, para efectos fiscais, dos elementos revalorizados.»

Dous. Engádese unha disposición transitoria trixésimo novena, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria trixésimo novena. *Integración na base imponible dos axustes contables pola primeira aplicación da Circular 4/2017, do 27 de novembro, do Banco de España, a entidades de crédito, sobre normas de información financeira pública e reservada, e modelos de estados financeiros.*

Os cargos e aboamentos a contas de reservas, que teñan a consideración de gastos ou ingresos, respectivamente, en canto teñan efectos fiscais de acordo co establecido nesta lei, como consecuencia da primeira aplicación da Circular 4/2017, do 27 de novembro, do Banco de España, a entidades de crédito, sobre normas de información financeira pública e reservada, e modelos de estados financeiros, integraranse por partes iguais na base imponible correspondente a cada un dos tres primeiros períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2018, sen que pola dita integración resulte de aplicación o establecido no artigo 130 desta lei.

A integración por partes iguais sinalada no parágrafo anterior seguirá sendo de aplicación aínda cando cause baixa do balance o elemento a que se refire o importe pendente.

En caso de extinción do contribuínte dentro dese prazo, o importe pendente integrarase na base imponible do último período impositivo, salvo que esta sexa consecuencia dunha operación de reestruturación a que resulte de aplicación o réxime fiscal establecido no capítulo VII do título VII desta lei.

Na memoria das contas anuais dos exercicios correspondentes aos ditos períodos impositivos deberán mencionarse as cantidades integradas na base imponible e as pendentes de integrar.»

Artigo 3. *Modificación do Real decreto lei 13/2011, do 16 de setembro, polo que se restablece o imposto sobre o patrimonio, con carácter temporal.*

Con efectos do 1 de xaneiro de 2019 e vixencia indefinida, modifícase o ordinal segundo do artigo único do Real decreto lei 13/2011, do 16 de setembro, polo que se restablece o imposto sobre o patrimonio, con carácter temporal, que queda redactado da seguinte forma:

«Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2020, introdúcense as seguintes modificacións na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio:

Modifícase o artigo 33, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 33. *Bonificación xeral da cota íntegra.*

Sobre a cota íntegra do imposto aplicarase unha bonificación do 100 por cento aos suxeitos pasivos por obrigação persoal ou real de contribuír.»

Dous. Derróganse os artigos 6, 36, 37 e 38.»

Artigo 4. *Modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2019, modifícase a disposición transitoria décimo terceira da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria décimo terceira. *Límites para a aplicación do réxime simplificado e do réxime especial da agricultura, gandaría e pesca nos exercicios 2016, 2017, 2018 e 2019.*

Para os exercicios 2016, 2017, 2018 e 2019, a magnitude de 150.000 euros a que se refiren o primeiro guión do ordinal 2.º e o ordinal 3.º do número dous do artigo 122, e o ordinal 6.º do número dous do artigo 124 desta lei, queda fixada en 250.000 euros.»

Artigo 5. *Coeficientes de actualización de valores catastrais do artigo 32.2 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario.*

1. Os coeficientes de actualización de valores catastrais a que se refire o número 2 do artigo 32 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo, quedan fixados para 2019 conforme o seguinte cadro:

Ano de entrada en vigor cadro de valores	Coeficiente de actualización
1984, 1985, 1986, 1987, 1988 e 1989	1,05
1990, 1994, 1995, 1996, 1997, 1998, 1999 e 2000	1,03
2001, 2002 e 2003	1,02
2005, 2006, 2007, 2008, 2009 e 2011	0,97
2012 e 2013	0,93

2. Os coeficientes previstos no número anterior aplicaranse nos seguintes termos:

a) Cando se trate de bens inmoebles valorados conforme os datos que figuran no catastro inmobiliario, aplicarase sobre o valor asignado aos ditos bens para 2018.

b) Cando se trate de valores catastrais notificados no exercicio 2018, obtidos da aplicación de cadros de valores parciais aprobados no mencionado exercicio, aplicarase sobre os ditos valores.

c) Cando se trate de bens inmobles que sufrisen alteracións das súas características conforme os datos que figuran no catastro inmobiliario, sen que as ditas variacións tivesen efectividade, o coeficiente será aplicado sobre o valor asignado a tales inmobles, en virtude das novas circunstancias, pola Dirección Xeral do Catastro, con aplicación dos módulos que servisen de base para a fixación dos valores catastrais do resto dos bens inmobles do municipio.

Disposición adicional primeira. *Réxime fiscal aplicable á final da «UEFA Champions League 2019» e «UEFA EURO 2020».*

Un. Réxime fiscal da entidade organizadora da final da «UEFA Champions League 2019» e «UEFA EURO 2020» e dos equipos participantes:

As persoas xurídicas residentes en territorio español constituídas con motivo da final da «UEFA Champions League 2019» e «UEFA EURO 2020» pola entidade organizadora ou polos equipos participantes estarán exentas do imposto sobre sociedades polas rendas obtidas durante a celebración do acontecemento e na medida en que estean directamente relacionadas coa súa participación nel.

O establecido no parágrafo anterior aplicarase igualmente no imposto sobre a renda de non residentes aos establecementos permanentes que a entidade organizadora da final da «UEFA Champions League 2019» e «UEFA EURO 2020» ou os equipos participantes constituían en España con motivo do acontecemento polas rendas obtidas durante a súa celebración e na medida en que estean directamente relacionadas coa súa participación nel.

Estarán exentas as rendas obtidas sen establecemento permanente pola entidade organizadora da final da «UEFA Champions League 2019» e «UEFA EURO 2020» ou os equipos participantes, xeradas con motivo da celebración da final da «UEFA Champions League 2019» e «UEFA EURO 2020» e na medida en que estean directamente relacionadas coa súa participación naquela.

Dous. Réxime fiscal das persoas físicas que presten servizos á entidade organizadora ou aos equipos participantes:

1. Non se considerarán obtidas en España as rendas que perciban as persoas físicas que non sexan residentes en España, polos servizos que presten á entidade organizadora ou aos equipos participantes, xeradas con motivo da celebración da final da «UEFA Champions League 2019» e «UEFA EURO 2020» e na medida en que estean directamente relacionadas coa súa participación naquela.

2. As persoas físicas que adquiran a condición de contribuíntes polo imposto sobre a renda das persoas físicas como consecuencia do seu desprazamento a territorio español con motivo da final da «UEFA Champions League 2019» e «UEFA EURO 2020» poderán optar por tributar polo imposto sobre a renda de non residentes, nos termos e condicións previstos no artigo 93 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.

Tres. Réxime alfandegueiro e tributario aplicable ás mercadorías que se importen para afectalas ao desenvolvemento e celebración da final da «UEFA Champions League 2019» e «UEFA EURO 2020»:

1. Con carácter xeral, o réxime alfandegueiro aplicable ás mercadorías que se importen para a súa utilización na celebración e desenvolvemento da final da «UEFA Champions League 2019» e «UEFA EURO 2020» será o que resulte das disposicións contidas no Regulamento (UE) n.º 952/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de outubro de 2013, polo que se establece o Código alfandegueiro da Unión, e demais lexislación alfandegueira de aplicación.

2. Sen prexuízo do anterior e conforme o artigo 251 do Código alfandegueiro da Unión e o artigo 7 do Convenio relativo á importación temporal, feito en Istambul o 26 de

xuño de 1990, as mercadorías a que se refire o número 1 deste número que se vinculen ao réxime alfandegueiro de importación temporal poderán permanecer ao abeiro do dito réxime por un prazo máximo de 24 meses desde a súa vinculación a el, que, en todo caso, expirará, como máis tarde, o 31 de decembro do ano seguinte ao da finalización da final da «UEFA Champions League 2019» e «UEFA EURO 2020».

3. Autorízase o Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria para que adopte as medidas necesarias para a execución do disposto neste número tres.

Catro. Imposto sobre o Valor Engadido.

1. Por excepción ao disposto no ordinal 2.º do artigo 119 bis da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, non se exixirá o requisito de reciprocidade na devolución a empresarios ou profesionais non establecidos na Comunidade que soporten ou satisfagan cotas do imposto como consecuencia da realización de operacións relacionadas coa celebración da final da «UEFA Champions League 2019» e «UEFA EURO 2020».

2. Por excepción do establecido no ordinal 7.º do número un do artigo 164 da Lei 37/1992, cando se trate de empresarios ou profesionais non establecidos na Comunidade, Canarias, Ceuta ou Melilla, ou nun Estado co cal existan instrumentos de asistencia mutua análogos aos instituídos na Comunidade, non será necesario que nomeen un representante para efectos do cumprimento das obrigacións impostas na dita lei.

3. Os empresarios ou profesionais non establecidos no territorio de aplicación do imposto que teñan a condición de suxeitos pasivos e que soporten ou satisfagan cotas como consecuencia da realización de operacións relacionadas coa final da «UEFA Champions League 2019» e «UEFA EURO 2020» terán dereito á devolución das ditas cotas cando finalice cada período de liquidación.

Para os ditos empresarios ou profesionais, o período de liquidación coincidirá co mes natural e deberán presentar as súas declaracións-liquidacións durante os 20 primeiros días naturais do mes seguinte ao período de liquidación. Porén, as declaracións-liquidacións correspondentes ao último período do ano deberán presentarse durante os trinta primeiros días naturais do mes de xaneiro.

O establecido no parágrafo anterior non determinará a obrigaición para os ditos empresarios ou profesionais do mantemento dos libros rexistro do imposto a través da sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria, a que se refire o artigo 62.6 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

O disposto neste número será igualmente aplicable á entidade organizadora do acontecemento, aos equipos participantes e ás persoas xurídicas a que se refire o número 1 anterior.

Non obstante, cando se trate de empresarios ou profesionais non establecidos nos cales concorran os requisitos previstos nos artigos 119 ou 119 bis da Lei 37/1992, a devolución das cotas soportadas efectuarase conforme o procedemento establecido nos ditos artigos e nos artigos 31 e 31 bis do Regulamento do imposto, aprobado polo Real decreto 1624/1992.

4. Respecto ás operacións relacionadas cos bens vinculados ao réxime de importación temporal con exención total de dereitos, a que se alude no número tres anterior, resultará aplicable o disposto no artigo 24 da Lei do imposto.

5. O prazo a que se refire a letra g) do número 3 do artigo 9 da Lei do imposto será, en relación cos bens que se utilicen temporalmente na celebración e desenvolvemento da final da «UEFA Champions League 2019» e «UEFA EURO 2020», o previsto no número 2 do número tres anterior.

6. A regra establecida no número dous do artigo 70 da Lei do imposto non resultará aplicable aos servizos do número 1 deste número cando sexan prestados polas persoas xurídicas residentes en España constituídas con motivo do acontecemento pola entidade organizadora da final da «UEFA Champions League 2019» e «UEFA EURO 2020» polos

equipos participantes e estean en relación coa organización, a promoción ou o apoio do dito acontecemento.

Disposición adicional segunda. *Actividades prioritarias de mecenado.*

Un. De acordo co establecido no artigo 22 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, durante o ano 2019 consideraranse actividades prioritarias de mecenado as enumeradas na disposición adicional septuaxésimo primeira da Lei 6/2018, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.

Dous. As porcentaxes e os límites das deducións establecidos nos artigos 19, 20 e 21 da citada Lei 49/2002 elevaranse en cinco puntos porcentuais en relación coas actividades incluídas no número anterior.

Disposición transitoria primeira. *Prazos de renuncias e revogacións ao método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e aos réximes especiais simplificado e da agricultura, gandería e pesca do imposto sobre o valor engadido, para o ano 2019.*

1. O prazo de renuncias a que se refiren o artigo 33.1.a) do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, e o artigo 33.2, parágrafo segundo, do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, así como a súa revogación, que deben producir efectos para o ano 2019, será dun mes a partir do día seguinte á data de publicación no «Boletín Oficial del Estado» do presente real decreto lei.

2. As renuncias e revogacións presentadas, para o ano 2019, aos réximes especiais simplificado e da agricultura, gandería e pesca do imposto sobre o valor engadido ou ao método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas, durante o mes de decembro de 2018, entenderanse presentadas en período hábil.

Non obstante, os suxeitos pasivos afectados polo disposto no parágrafo anterior poderán modificar a súa opción no prazo previsto no número 1 anterior.

Disposición transitoria segunda. *Prazo de solicitude de aplicación de coeficientes de actualización de valores catastrais.*

Con vixencia exclusiva para o exercicio 2019, o prazo previsto no artigo 32.2.c) do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo, de solicitude á Dirección Xeral do Catastro de aplicación dos coeficientes en función do ano de entrada en vigor do correspondente cadro de valores do municipio, amplíase até o 31 de xullo de 2019. Dos correspondentes acordos darase traslado ao citado centro directivo dentro do dito prazo.

Disposición transitoria terceira. *Prazo de aprobación do tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles e dos cadros de valores totais.*

Con vixencia exclusiva para o exercicio 2019, o prazo previsto no artigo 72.6 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, para aprobar os novos tipos de gravame do imposto sobre bens inmobles polos concellos afectados por procedementos de valoración colectiva de carácter xeral que deban producir efectos o 1 de xaneiro de 2020 amplíase até o 31 de xullo de 2019. Dos correspondentes acordos darase traslado á Dirección Xeral do Catastro dentro do dito prazo.

Igualmente, amplíase até o 31 de xullo de 2019 o prazo para a aprobación e publicación dos cadros de valores totais, previsto no artigo 27.3 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo.

Disposición transitoria cuarta. *Reclasificacións de participacións ou accións de institucións de investimento colectivo.*

1. As reclasificacións entre institucións de investimento colectivo reguladas na Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, e na súa normativa de desenvolvemento, ou entre os seus compartimentos, clases ou series das súas participacións ou accións, realizadas no prazo comprendido entre o 3 xaneiro de 2018 e os tres meses seguintes á entrada en vigor deste real decreto lei, cuxo único obxecto sexa dar cumprimento ás obrigacións establecidas no Real decreto lei 14/2018, do 28 de setembro, polo que se modifica o texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, de tal forma que o partícipe ou accionista deixe de soportar custos asociados a incentivos, poderán realizarse de forma automática, sen necesidade de solicitar consentimento individualizado dos partícipes e accionistas a que se apliquen as ditas reclasificacións.

2. As reclasificacións a que se refire o número anterior non darán lugar á obtención de renda para o partícipe ou accionista para efectos do imposto sobre a renda das persoas físicas, do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda de non residentes, e as novas participacións ou accións asignadas aos partícipes ou accionistas reclasificados conservarán o valor e a data de adquisición que tivesen as participacións ou accións ás cales substitúen.

O tratamento previsto no parágrafo anterior será igualmente de aplicación nas reclasificacións entre institucións de investimento colectivo, ou entre os seus compartimentos, clases ou series das súas participacións ou accións, previstas nos artigos 94.2.a) da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, e 53.2 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, realizadas desde o 3 de xaneiro de 2018 até a data de vencemento do prazo establecido no número 1 desta disposición, sempre que a reclasificación teña como único obxecto o previsto no citado número 1.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia en materia de facenda xeral.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habilítase o Goberno para desenvolver regulamentariamente o previsto neste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de decembro de 2018.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN